



INFORMACIÓN IMPORTANTE

CAMPAÑA VERÁN 2025

1. As persoas menores participantes nas actividades da Campaña de verán só poderán abandonar a actividade acompañadas do/a representante que figura no formulario de solicitude ou doutra persoa autorizada por esta, ou, de ser o caso, acompañada dun/dunha monitor/a. En todo caso, quen recolla o/a menor debe asinar o documento de abandono de actividade que lle será entregado polo equipo responsable da actividade.
2. Para poder participar en calquera das actividades da Campaña de verán será indispensable facilitar, polo menos, un número de teléfono no que, durante as 24 horas de cada un dos días que dure a actividade, se poida localizar á persoa responsable da persoa menor para poder comunicarlle calquera incidencia que se produza.
3. Durante o transcurso de todas e cada unha das actividades da Campaña de verán queda expresamente prohibido facer piercings, tatuaxes ou calquera outra práctica que supoña algún tipo de risco para a saúde.
4. Co fin de favorecer a convivencia e o bo desenvolvemento das actividades, as persoas participantes deben respectar unhas normas mínimas de comportamento nos campamentos.
5. Será expulsado/a da actividade calquera participante que incumpra as normas do campamento sinaladas polo equipo de animación e cando o seu comportamento dificulte ou impida a convivencia con condutas como, entre outras: agredir, insultar ou menosprezar ás demais persoas participantes ou ao resto das persoas que compoñen o campamento, roubar, estar en posesión de bebidas alcohólicas ou drogas ou calquera comportamento impropio da sensata convivencia nunha actividade relacionada co tempo libre.
6. Se a persoa participante na Campaña de verán non está cuberta pola Seguridade Social, pero si ten un seguro privado, é necesario que asista á actividade co seu propio talonario de receitas, para que, no caso de que sexa preciso, se lle poida administrar un medicamento para calquera enfermidade.
7. As persoas participantes deberán cumprir as medidas de hixiene, prevención e promoción da saúde nas que se vai desenvolver a actividade.
8. As decisións do persoal sanitario deben ser respectadas por todos; tanto as persoas participantes como as persoas proxenitoras, titoras ou acolledoras e a administración deben colaborar activamente co fin de cumprilas. Se a citada decisión leva consigo a necesidade de abandonar a actividade anticipadamente, as persoas proxenitoras, titoras ou acolledoras deberán acudir ao lugar onde se atope a persoa participante para recollela.
9. A Dirección Xeral de Xuventude non se fará cargo do roubo dos efectos persoais das persoas participantes, polo que é aconsellable non levar obxectos de valor aos campamentos (móviles, cartos, xoias, cámaras fotográficas dixitais, mp3...)
10. De acordo co establecido na Lei do 28 de decembro de 2005, sobre medidas sanitarias fronte ao tabaquismo, non está permitido fumar nas instalacións nas que se desenvolve a Campaña de verán.